

Reclamante: [REDACTED] na súa calidade de presidenta da Asociación

Expediente. Nº **RSCTG 071/2018**

Correo electrónico: [REDACTED]

**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo do artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por Dona [REDACTED] na súa calidade de presidenta da Asociación [REDACTED], mediante escrito do 23 de maio de 2018, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.** Dona [REDACTED] na súa calidade de presidenta da Asociación [REDACTED], presentou, mediante escrito que tivo entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 23 de maio de 2018, unha reclamación ao amparo do disposto no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desestimada por silencio administrativo, unha solicitude de acceso á información presentada ante o Servizo Provincial de Lugo da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística no que solicitou copia das actas, informes ou calquera outra documentación relativa á supervisión in situ dos feitos denunciados o 8 de agosto de 2017, por parte de funcionarios da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ou de calquera outra autoridade a instancias da mesma realizados na explotación mineira D. Isidro nº 6043 e copia de informes e documentación proporcionada polo Concello de Triacastela ou calquera outra Administración a raíz desta denuncia.

O escrito viña acompañado de copia da súa solicitude dirixida á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística que tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia o 20 de abril de 2018, e copia do seu DNI.

**Segundo.** Con data 23 de maio de 2018, déuselle traslado da documentación achegada pola reclamante á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística para que, en cumprimento da normativa de transparencia, remitise informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** A recepción da solicitude pola administración foi o 28 de maio de 2018, e con data do 11 de xuño a Axencia remite escrito no que informa o seguinte: que a solicitude do

interesado para que se lle remitise copia en formato dixital das actuacións informativas LUG/106/2013, LUG/169/2014 (acumuladas) e LUG/179/2015, así como copia, tamén en formato dixital, de tódalas actas de inspección e informes elaborados pola APLU en relación coa explotación mineira denominada "Don Isidro", situada no termo municipal de Triacastela, remitiuse ao Servizo de Inspección Urbanística III o 20 de febreiro de 2018, por ser a ese centro directivo ao que lle correspondía resolvela e que no caso de que a solicitude fora resolta favorablemente e que a documentación en formato dixital solicitada por este, xa estaba a disposición en formato dixital, ordenada e numerada co seu correspondente índice na seguinte carpeta da Intranet desta consellería: Y/permanente/aplu/lugo/solicitude [REDACTED], carpeta na que se segue a dispor dese centro directivo na actualidade.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das ditas reclamacións.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación se axustará ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A lei 1/2016, de 18 de xaneiro, recoñece no seu art. 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma se configuran de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro).

O obxecto da lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos se somete a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións se pode falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente exixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interporase no prazo dun mes a contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou dende o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Tal e como establece o Criterio Interpretativo 1/2016, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno, de acordo con reiterada doutrina xurisprudencial e coas previsións normativas contidas nos artigos 122 e 124 da Lei 39/2015, poderanse interpoñer recursos de alzada e reposición, respectivamente, respecto de resolucións presuntas en calquera momento fronte a actos que non sexan expresos.

De acordo co anterior, e dado que no presente caso a Administración non resolveu expresamente, debe admitirse a reclamación presentada por estar en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

A Sra. presentou ante a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística unha solicitude de acceso a unha documentación que considera está en poder da referida Axencia, en concreto do seu Servizo Provincial de Lugo.

A documentación solicitada, non cabe dúbida que pode encadrarse dentro do concepto de información pública que establece o artigo 24 da Lei 1/2016, polo que procede a estimación do presente recurso, por ter o solicitante, de acordo co mesmo, dereito ao acceso á mesma.

A Axencia de Protección da Legalidade Urbanística comunica á Comisión que a información solicitada está en formato dixital, nunha carpeta da intranet da dita Axencia, pero non consta a súa remisión ao solicitante ou remisión da información a unha carpeta na que o mesmo poida ter acceso, polo que procede a estimación da reclamación presentada pola [REDACTED].

Deberase ter en conta, de conformidade co disposto no artigo 15.1 da Lei 9/2013, que si a información inclúe datos relativos á comisión de infraccións penais ou administrativas que non levasen a amoestación pública ao infractor, o acceso só se poderá autorizar no caso de que se conte co consentimento expreso do afectado ou se aquel estivese amparado por unha norma con rango de Lei.

A Axencia non resolveu a solicitude de acceso á información do [REDACTED], polo que debe lembrárselle que, de acordo co disposto no artigo 20.6 da Lei 19/2013, o incumprimento reiterado da obrigaçión de resolver en prazo ten a consideración de infracción grave para os efectos da aplicación aos responsables do réxime disciplinario previsto na correspondente normativa reguladora.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia

#### **ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por Dona [REDACTED], na súa calidade de presidenta da Asociación [REDACTED] contra a desestimación por silencio

administrativo da súa solicitude de copia das actas, informes ou calquera outra documentación relativa á supervisión in situ dos feitos denunciados o 8 de agosto de 2017, por parte de funcionarios da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística ou de calquera outra autoridade a instancias da mesma realizados na explotación mineira D. Isidro nº 6043 e copia de informes e documentación proporcionada polo Concello de Triacastela ou calquera outra Administración a raíz desta denuncia

**Segundo:** Instar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, a que responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2018

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga